



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2021/3

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 28 DE MAIO DE 2021**

No día de hoxe, ás **20:40 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN ORDINARIA** do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMON MARTINEZ RIAL
RAMÓN FIGUEROA PÉREZ
YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO
JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO
BEATRIZ GONZALEZ BARGO
IVAN BERMUDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA (PP)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

eDocumento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación do borrador da acta da sesión anterior: Sesión Ordinaria do 26.03.2021
- 2 Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico de Subvencións 2021-2023.
- 3 Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lousame.
- 4 Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.
- 5 Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 15/2021, Transferencia de Crédito entre aplicacións de diferente Área de Gasto.
- 6 Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 17/2021, Crédito Extraordinario.
- 7 Aprobación, se procede, do incremento do límite cuantitativo dos gastos plurianuais, no Expediente de Contratación 3/2021.
- 8 Aprobación definitiva, se procede, do proxecto técnico de mellora do viario á Escabía, así como da relación de titulares de bens e dereitos afectados, aos efectos da súa expropiación.

Parte de Control:

- 9 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, da 125/2021 á 276/2021.
- 10 Dación de conta do expediente de aprobación da Liquidación do Orzamento do 2020
- 11 Dación de conta do Período Medio de Pagamento, do 1T 2021.
- 12 Dación de conta do Informe da Intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do TRLRFL
- 13 Dación de conta do Informe resumo do control interno do exercicio 2020
- 14 Inclusión, se procede, de mocións por razón de urxencia
- 15 Rogos e Preguntas.

1) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A Alcaldía sinala que vai someter a votación o borrador da Acta da anterior sesión.

→ **Acta da sesión plenaria ordinaria do 26.03.2021**

Non habendo observacións, sométese a acta a votación.





En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria ordinaria do 26.03.2021.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2021-2023

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 24.05.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

*<<Asunto: Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencions 2021-2023
Expediente: 2021/A008/000021*

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

- Plan Estratéxico de Subvencions do Concello de Lousame para o período 2021-2023

Fundamentación Xurídica:

O artigo 8.1 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, en aras a mellorar a eficacia do outorgamento de subvencions, establece a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencions, que estableza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxectivo de axeitar as necesidades públicas a cubrir a través do outorgamento das subvencions, coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento.

En base aos antecedentes e fundamentos expostos, o Pleno Corporativo **ACORDA:**





Primeiro: Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Lousame, para o período 2021-2023.

Segundo: Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica, para xeral coñecemento.

Terceiro: Dar traslado do Plan Estratéxico de Subvencións aos órganos xestores, aos efectos oportunos.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que sería preciso cambiar a liña de subvencións cuxo obxecto é axudar ás Comisións de Festas por cada día que exista actuación dunha orquestra; xa que por mor do Covid-19 algunhas comisións non van organizar verbena, pero si poderían optar a ter unha axuda para outras actividades, como a tirada de foguetes.

A Alcaldía sinala que é unha cuestión que se podería estudar; pero que en nada afecta ao Plan Estratéxico de Subvencións.

A Secretaria-Interventora, a petición da Alcaldía, explica que esa regulación á que fai referencia o voceiro do Grupo Mixto está contemplada nas Bases de Execución do Orzamento do 2021. E ditas bases poderán ser cambiadas, seguindo a mesma tramitación que se esixe para a aprobación do Orzamento Municipal.

Non habendo máis intervencións, a Alcaldía somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

*<<Asunto: Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións 2021-2023
Expediente: 2021/A008/000021*

O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame para o período 2021-2023

Fundamentación Xurídica:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O artigo 8.1 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aras a mellorar a eficacia do outorgamento de subvencións, establece a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, que estableza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxectivo de axeitar as necesidades públicas a cubrir a través do outorgamento das subvencións, coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento.

En base aos antecedentes e fundamentos expostos, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Lousame, para o período 2021-2023.

Segundo: Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica, para xeral coñecemento.

Terceiro: Dar traslado do Plan Estratéxico de Subvencións aos órganos xestores, aos efectos oportunos.

ANEXO: TEXTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES



Concello de Lousame

eDocumento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Anualidades 2021-2023

eDocumento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





PREÁMBULO

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (*en adiante LXS*), unha parte importante da actividade financeira do sector pública é canalizada a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e o crecemento económico.

A LXS supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexen nesta Lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con esa finalidade, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan e, á vez, a Lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das diferentes Administracións Públicas, evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar esa eficacia, a lexislación prevé que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións (*PES*), instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública. O PES terá un carácter plurianual e aprobarase con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles.

Ademais, a LXS sinala que cómpre establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte axeitado ao nivel de recursos investidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes; ou, no seu caso, ser eliminadas.

Dende a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo poden considerarse un mecanismo de colaboración entre a





Administración Pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de diferente natureza, que se conceden mediante procedemento complexos, que deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Polo tanto o PES é o complemento necesario para articular a concesión de subvencións, con respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

Contexto normativo

A xustificación da realización do PES ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral na Exposición de Motivos da LXS; e de forma específica, no mandato contido no artigo 8 da citada norma que preceptúa:

“Os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”

Este artigo 8 da LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (*en adiante RXS*) sinalando cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido do PES, a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse do mesmo.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que:

“Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ...”

O presente Plan Estratéxico de Subvencións, é o primeiro que se tramita e detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da corporación para os exercicios 2021, 2022 e 2023.

A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e o seu financiamento, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión; podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicios seguintes.





O marco normativo xeral complementábase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos.

Polo disposto, o Concello de Lousame elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2021-2023) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA

O PES é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro, mediante a corrección das desviacións observadas. A súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

O PES ten carácter programático, sen rango normativo, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros. Establece unha decisión de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

Os potenciais beneficiarios non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

A efectividade do presente PES atopase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión ou o documento procedente.

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o PES debe ser uns instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal xeito que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS

A regulación xurídica en materia de subvencións, establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

- a) Principio de publicidade e libre concorrência, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrência e igualdade na distribución de fondos





públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar cas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.

- b) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- c) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.
- d) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.
- e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame conta con diferentes obxectivos:

- Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.
- Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

ARTIGO 4. ÁMBITO SUXECTIVO

O presente PES inclúe todas as subvencións concedidas polo Concello de Lousame, a través das diferentes Áreas Municipais.

De conformidade co artigo 2.2 da LXS non están incluídas no ámbito do presente plan, por non ter consideración de subvencións, as achegas monetarias que o Concello efectúe a outras Administracións Públicas ou entidades para financiar globalmente a actividade ou programa da Administración ou entidade á que vaia dirixida: *Programa Xantar na Casa, Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Deloa, ARD Muros-Noia, asignacións aos Grupos Políticos Municipais, Asociación de Concellos do Camiño da Ría de Muros-Noia, FEMP, FEGAMP, etcétera.*





ARTIGO 5. ÁMBITO TEMPORAL. VIXENCIA. ACTUALIZACIÓN.

O PES terá unha vixencia de tres anualidades, e abranguerá o período 2021-2023; sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando novas liñas.

Ademais, anualmente á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, poderán modificarse, substituírse ou eliminarse as diferentes liñas de subvencións.

Dentro de cada una das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido; ben polos resultados dos informes de seguimento en canto á consecución de obxectivos ou á adecuación dos recursos investidos; ben por outros motivos, debidamente xustificadas.

Por outro lado, cando queira modificarse algunha das liñas de subvencións previstas no PES ou introducir algunha nova debe, con carácter previo ou simultáneo, modificarse o PES.

En cambio, será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que concluído o período de vixencia, non se houbera aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e contén con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

ARTIGO 6. APROBACIÓN

O órgano competente para a aprobación do PES non está establecido na normativa; pero tendo en conta que as Bases de Execución do Orzamento son competencia do Pleno e que a previsión de aplicación é plurianual, por aplicación do artigo 22.2.e) sométese a aprobación do Pleno Corporativo, ao tratarse dun instrumento de planificación das actividades de subvencións e xestión económica.

As modificacións puntuais que sexa preciso acometer nos seus tres anos de vixencia, serán competencia da Alcaldía; que deberá dar conta ao Pleno Corporativo.

Unha vez aprobado será publicado no Taboleiro da Sede Electrónica, así como no BOP, para o seu xeral coñecemento.





ARTIGO 7. PUBLICACIÓN

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Lousame, publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e Taboleiro da Sede Electrónica, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada.

O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

Beneficiarios:

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

Actividade subvencionable:

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos orzamentos xerais do Concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

1. Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
2. Fomentar unha actividade de interese social
3. Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños
4. Colaborar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.





ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.
2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.
3. Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras causas debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
4. Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Lousame por unha norma aplicable. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Os procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo até o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

- a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria, nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.
5. Criterios de valoración en función da natureza da subvención.





6. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigacións dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

1. As previstas nominativamente no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos, aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.
2. Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
3. Con carácter excepcional, aqueloutras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

ARTIGO 10. EFECTOS A CONSEGUIR E PRAZOS DE EXECUCIÓN

Efectos a conseguir:

O PES pretende canalizar unha serie de actividades que permitan dar aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo, tanto sociais, como profesionais ou de lecer. Por isto, a actividade subvencionadora do Concello de Lousame pretende:

1. Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre a entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.
2. Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de





interese concorrente, así como promocionar a inclusión social dos individuos mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Prazos de execución:

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible, a efectos de xustificación, o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, deberá aparecer así recollido nas bases reguladoras da subvención ou convenio regulador da mesma.

ARTIGO 11. CUSTOS PREVISIBLES. FINANCIAMENTO

Custos previsibles

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano, e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións (no suposto de concorrencia competitiva), ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da concesión ou acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra do gasto.

Os custos límitanse á cantidade que anualmente se consigne no Orzamento do Concello de Lousame, sexa nos seus créditos iniciais ou modificacións posteriores.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gastos superiores ao seu importe.

Financiamento

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente.





2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.
3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

A. *Control económico-financieiro das subvencións concedidas.* Está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

B. *Control e seguimento do Plan.*

O PES debe ser controlado e seguido co obxecto de:

1. Actualizar ou modificar as liñas de subvencións que puidesen precisalo, para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.
2. Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

O seguimento realizarse anualmente polas diferentes Áreas Municipais, por conduto da súa Concellería-Delegada. Anualmente, cada Departamento, realizará unha Memoria Xustificativa que abordará os seguintes aspectos:

- a) Para cada subvención: obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- b) Información de cada liña e tipo de subvención: subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas ou en proceso de reintegro.
- c) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos no seu prazo de consecución, remitindo os indicadores de cumprimento deses obxectivos. Concretarase o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- d) Custos efectivos en relación aos previsibles.
- e) Conclusións e valoración global na que se analice a procedencia do mantemento/modificación da liña de subvención ou a supresión do programa.
- f) Suxestións para a elaboración do seguinte PES.





Darase conta ao Pleno Corporativo do conxunto destas Memorias Xustificativas.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións establécense coma *indicadores* relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

- Grado de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrencia competitiva.
- Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización até que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

ARTIGO 13. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES

En aras a cumprimentar o principio de transparencia, todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatoria será publicadas anualmente no Taboleiro Electrónico, no Portal de Transparencia, así como na Base Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido no artigo 38 da LXS; con indicación da entidade receptora, contía da mesma e proxecto ou acción á que vai destinada.

ARTIGO 14. LIÑAS DE SUBVENCIONES

As liñas estratéxicas de actuación que estruturan o Plan anual das diferentes subvencións municipais, son as seguintes:

Liña estratéxica 1	Área de Servizos Sociais -Emerxencia social -Actividades de asociacións de carácter benéfico social -Axudas para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas polos profesionais dos SS comunitarios.
Liña estratéxica 2	Área de Deportes -Promoción do deporte, clubs deportivos -Actividades e eventos deportivos
Liña estratéxica 3	Área de Educación - Axudas ao transporte escolar





	- <i>Actividades e eventos educativos</i>
<i>Liña estratéxica 4</i>	Área de Cultura e actividades festivas - <i>Actividades de promoción cultural e festas tradicionais</i>
<i>Liña estratéxica 4</i>	Área de Seguridade Cidadá - <i>Protección Civil</i>
<i>Liña estratéxica 5</i>	Área de Promoción Económica - <i>Recuperación económica de autónomos e PEMES</i>

Como ANEXO ao presente Plan Estratéxico de Subvencións desenvólvense as liñas estratéxicas de axudas municipais, cos seus obxectivos específicos, así coma os custes previsibles e resto de características.

ANEXO:

LIÑA ESTRATÉXICA 1.- ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social
<i>Obxectivos específicos</i>	1.- Promoción da autonomía e atención de persoas en situación ou risco de dependencia, co fin de evitar o seu illamento, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual. 2.- Promoción da integración social de persoas e colectivos desfavorecidos 3.- Fomento do debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 1.1 Axudas de emerxencia social LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social. LS 1.3 Axudas para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais, valoradas polos profesionais dos SS comunitarios

LS 1.1 Axudas de emerxencia social:

<i>Área</i>	Servizos Sociais
<i>Sectores aos que se</i>	Persoas e colectivos en situación de dependencia,





<i>dirixen as axudas</i>	vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
<i>Obxectivos</i>	Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión social, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Autonomía persoal e atención
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2021: Aplicación 231.48000, 5.000,00 €. Liña de subvencións solicitada á Deputación da Coruña dentro do POS+ 2021: 12.000,00 €, pendente de resolución.
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de concesión directa. Presentadas as solicitudes en forma, previo informe dos Servizos Sociais, resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución da Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase despois e adoptará a forma de conta xustificativa, coa documentación que se esixa.
<i>Seguimento e avaliación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - % de persoas reinsertadas seguindo algún plan proposto por Servizos Sociais - % de beneficiarios que melloraron a súa situación por outros medios diferentes á subvención, seguindo algún plan proposto por Servizos Sociais - Número de solicitudes tramitadas - Número de solicitudes denegadas
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social:

<i>Área</i>	Servizos Sociais
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia
<i>Obxectivos</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Promover a colaboración con ditas entidades - Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión social, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Contribuír á mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de dependencia, facilitando a súa socialización no seu entorno habitual
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e</i>	Orzamento 2021: Aplicación 231.48000:





<i>financiamento</i>		<ul style="list-style-type: none"> - Cáritas Parroquial: 1.500,00 € - A Misela: 2.000,00 € - A Creba: 1.500,00 €
<i>Plan de Acción</i>		Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederáse ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificárase a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento avaliación</i>	e	<ul style="list-style-type: none"> - % de beneficiarios por axuda - % de beneficiarios que melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.
<i>Resultados avaliación</i>	da	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 1.3 Axudas para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais, valoradas polos profesionais dos SS comunitarios:

<i>Área</i>		Servizos Sociais
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>		Persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
<i>Obxectivos</i>		Promover a escolarización en igualdade de condicións para todo o alumnado
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>		Contribuír á mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de dependencia, facilitando a súa socialización no seu entorno habitual
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>		Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>		Liña de subvencións solicitada á Deputación da Coruña dentro do POS+ 2021: 6.000,00 €, pendente de resolución.
<i>Plan de Acción</i>		Réxime de concorrencia: Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as solicitudes, serán resoltas polo órgano competente, segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificárase a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento avaliación</i>	e	<ul style="list-style-type: none"> - % de beneficiarios por axuda - % de beneficiarios que melloraron a súa situación





<i>Resultados avaliación</i>	<i>da</i>	persoal con respecto ao ano anterior. No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.
----------------------------------	-----------	---

LIÑA ESTRATÉXICA 2.- ÁREA DE DEPORTES.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Apoiar, difundir e promocionar o deporte, adestramento e sacrificio; así como as prácticas saudables entre a poboación, especialmente entre a xuventude.
<i>Obxectivos específicos</i>	1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional 2.- Fomentar o deporte 3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame LS 2.2 Subvencións dirixidas a entidades deportivas alleas ao Concello de Lousame

LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame:

<i>Área</i>	Deportes
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades deportivas do Concello de Lousame sen ánimo de lucro
<i>Obxectivos</i>	1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional 2.- Fomentar o deporte 3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Práctica do deporte
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2021: Aplicación 341.48000: – Nominativa: AD Cruído: 1.500,00 € – Nominativa: Lesende CF: 1.500,00 € – Nominativa: Asociación Deportiva Taekwondo Lousame: 1.000,00 € – Nominativa: Clube BTT O Treito: 800,00 € – En concorrencia: Outras Asociacións Deportivas Municipais: 1.000,00 €
<i>Plan de Acción</i>	<u>Réxime de subvencións nominativas.</u> Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un





		<p>Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.</p> <p><u>Réxime de concorrencia:</u> Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as solicitudes, serán resoltas polo órgano competente, segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.</p>
<i>Seguimento avaliación</i>	e	<ul style="list-style-type: none"> - Número de entidades beneficiadas - Número de deportistas que aglutina cada entidade beneficiaria - Número de competicións nas que participou cada entidade beneficiaria - Número de deportes promocionados - Número de beneficiarios participantes en competicións internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e locais - % incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior. - Premios acadados polos beneficiarios
<i>Resultados avaliación</i>	da	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 2.2 Subvencións dirixidas a entidades deportivas alleas ao Concello de Lousame:

<i>Área</i>	Deportes
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades deportivas do Concello de Lousame sen ánimo de lucro
<i>Obxectivos</i>	<p>1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional</p> <p>2.- Fomentar o deporte</p> <p>3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos</p>
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Práctica do deporte
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2021: Aplicación 341.48000: 1.000,00 €
<i>Plan de Acción</i>	<p><u>Réxime de concorrencia:</u> Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as</p>





		solicitudes, serán resoltas polo órgano competente, segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento avaliación</i>	e	<ul style="list-style-type: none"> - Número de entidades beneficiadas - Número de deportistas que aglutina cada entidade beneficiaria - Número de competicións nas que participou cada entidade beneficiaria - Número de deportes promocionados - Número de beneficiarios participantes en competicións internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e locais - % incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior. - Premios acadados polos beneficiarios
<i>Resultados avaliación</i>	da	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 3.- ÁREA DE EDUCACIÓN.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Potenciar actividades formativas ou outro tipo de actividades de crecemento persoal, baseadas en valores que sexan complementarios da educación; favorecendo a participación das familias na vida escolar
<i>Obxectivos específicos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Potenciar a figura da ANPA e do Centro Educativo Público no Concello 2.- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos 3.- Apoiar ás familias nos custos derivados da Educación 4.- Fomento de actividades extraescolares
<i>Liñas de Subvención</i>	<p>LS 3.1 Axudas ao Transporte Escolar</p> <p>LS 3.2 Axudas a entidades educativas</p>

LS 3.1 Axudas ao Transporte Escolar:

<i>Área</i>	Educación
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Familias con membros que cursen estudos oficiais fóra do Concello de Lousame
<i>Obxectivos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Apoiar a educación 2.- Apoiar os gastos que as familias asumen na educación, propiciando a solidariedade e a integración de todo o alumnado
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Dotar ás familias de medios para sufragar os desprazamentos para a educación dos seus fillos.
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2021: Aplicación 326.48000: 1.000,00 €





<i>Plan de Acción</i>		Réxime de concorrencia: Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as solicitudes, serán resoltas polo órgano competente, segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento avaliación</i>	e	– Número de beneficiarios da subvención – % de cada tipo de axuda sobre o total – % de axudas concedidas en cada nivel formativo
<i>Resultados avaliación</i>	da	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 3.2 Axudas a entidades educativas:

<i>Área</i>		Educación
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>		Entidades Educativos sen ánimo de lucro
<i>Obxectivos</i>		1.- Apoiar a educación 2.- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos 3.- Fomento das actividades extraescolares
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>		Estimular ao alumnado e aumentar o grao de convivencia entre eles, promovendo valores de solidariedade e integración. Consolidar a participación de nais e pais nos centros educativos.
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>		Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>		Orzamento 2021: Aplicación 337.48000: – ANPA Alecrín: 1.500,00 €
<i>Plan de Acción</i>		Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento avaliación</i>	e	– % de beneficiarios por axuda – % de beneficiarios que melloraron a súa situación educativa con respecto ao ano anterior.
<i>Resultados avaliación</i>	da	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 4.- ÁREA DE CULTURA E ACTIVIDADES FESTIVAS.



	<p>1.- Potenciar actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade.</p> <p>2.- Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera.</p> <p>3.- Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións culturais do Concello e das súas diferentes parroquias.</p>
<i>Liñas de Subvención</i>	<p>LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais.</p> <p>LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas patronais ou parroquiais.</p>

LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais:

<i>Área</i>	Cultura
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera.
<i>Obxectivos</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar actividades culturais - Fomentar a participación da cidadanía na cultura e a súa difusión - Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etcétera. - Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Desenvolvemento cultural
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	<p>Orzamento 2021: Aplicación 334.48000:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nominativa: O Son do Pote: 1.500,00 € - Nominativa: Asociación Prudencio Romo: 6.000,00 € - En concorrencia: Asociacións culturais: 500,00 €
<i>Plan de Acción</i>	<p><u>Réxime de subvencións nominativas.</u> Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.</p> <p><u>Réxime de concorrencia:</u> Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as solicitudes, serán resoltas polo órgano competente,</p>





		segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento avaliación</i>	<i>e</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de entidades beneficiarias - Número de participantes por cada actividade - Número de accións de difusión realizadas - % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior - % de incremento de participantes por acción, respecto ao ano anterior
<i>Resultados avaliación</i>	<i>da</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas patronais ou parroquiais:

<i>Área</i>		Cultura
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>		Organizadores de festas patronais parroquiais
<i>Obxectivos</i>		<ul style="list-style-type: none"> - Organizar actividades relativas á festividade patronal ou parroquial - Fomentar a colaboración cidadá coa posta en marcha de proxectos de interese parroquial - Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e memoria colectiva - Creación de eventos para a convivencia lúdica e cultural
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>		Desenvolvemento de festexos populares
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>		Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>		Orzamento 2021: Aplicación 338.48000: 3.600,00 €
<i>Plan de Acción</i>		<u>Réxime de concesión directa pola súa dificultade na convocatoria pública:</u> Aprobado o Orzamento Municipal, os interesados presentarán as súas solicitudes, coa documentación que en cada caso se sinale. O importe que se concederá será o de 150,00 € por cada día de festa con orquestra; e até esgotar o crédito total previsto no Orzamento.
<i>Seguimento avaliación</i>	<i>e</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de entidades beneficiarias - Número de participantes por cada evento
<i>Resultados avaliación</i>	<i>da</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 5.- ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Desenvolver accións que garantan a seguridade da cidadanía
--------------------------------	--





<i>Obxectivos específicos</i>	
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lousame

LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lousame:

<i>Área</i>	Seguridade Cidadá
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lousame
<i>Obxectivos</i>	– Actividades que garantan a seguridade da cidadanía
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Seguridade Cidadá
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2021: Aplicación 135.48000: 6.000,00 €
<i>Plan de Acción</i>	<u>Réxime de subvencións nominativas.</u> Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	– Número de voluntarios – Número de beneficiarios polas actividades realizadas – Número de intervencións realizadas – % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior – % de incremento de beneficiarios por acción, respecto ao ano anterior
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 6.- ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Apoiar o desenvolvemento económico e social do Concello
<i>Obxectivos específicos</i>	Apoio de autónomos e PEMES Dinamización económica Recuperación do sector empresarial e protección do emprego tras a Covid-19
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 6.1 Axudas para a recuperación económica de autónomos e PEMES





LS 6.1 Axudas para a recuperación económica de autónomos e PEMES:

Área	Promoción Económica
Sectores aos que se dirixen as axudas	Autónomos e PEMES
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">- Recuperación do sector empresarial- Recuperación do desenvolvemento económico- Protección do emprego
Efectos que se pretenden conseguir	Recuperación de sectores afectados
Prazo necesario para a súa concesión	Até 31/12/2021
Custos previsibles e financiamento	Orzamento 2021: Aplicación 241.47900: 31.076,11 € (cofinanciado coa Deputación da Coruña: PEL Reactiva)
Plan de Acción	Réxime de concorrencia: Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as solicitudes, serán resoltas polo órgano competente, segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificárase a subvención na forma prevista.
Seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none">- Número de beneficiarios- % de solicitudes que cumpriron os requisitos- % de solicitudes que non cumpriron os requisitos- % de reintegros- % de sancións por incumprimento
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

3) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 24.05.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME





En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

<<Asunto: *Modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións*
Expediente: 2021/G014/000001

O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a aprobación da súa Ordenanza Xeral de Subvencións (BOP núm. 233 do 08/10/2004)
2. Logo de máis de 16 anos, considérase conveniente proceder á actualización da dita Ordenanza, co obxectivo de acadar unha regulación máis completa e adaptada aos cambios normativos que tiveron lugar tras a súa aprobación; e todo isto tendo en conta, que ao mesmo tempo o Concello está a tramitar o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2021-2023.
3. Para acadar eses obxectivos de interese público, preténdese modificar a Ordenanza actual, dándolle a redacción que se recolle como Anexo a este acordo.
4. Informe da Secretaría-Intervención núm. 65 do 25.04.2021

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da “*Ordenanza Xeral de Subvencións*”, nos termos que figuran no expediente e coa redacción que se recolle no Anexo a este acordo.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

*<<Asunto: Modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións
Expediente: 2021/G014/000001*

O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

5. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a aprobación da súa Ordenanza Xeral de Subvencións (BOP núm. 233 do 08/10/2004)
6. Logo de máis de 16 anos, considérase conveniente proceder á actualización da dita Ordenanza, co obxectivo de acadar unha regulación máis completa e adaptada aos cambios normativos que tiveron lugar tras a súa aprobación; e todo isto tendo en conta, que ao mesmo tempo o Concello está a tramitar o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2021-2023.
7. Para acadar eses obxectivos de interese público, preténdese modificar a Ordenanza actual, dándolle a redacción que se recolle como Anexo a este acordo.
8. Informe da Secretaría-Intervención núm. 65 do 25.04.2021

Fundamentación Xurídica:

3. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
4. O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

eDocumento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da “*Ordenanza Xeral de Subvencións*”, nos termos que figuran no expediente e coa redacción que se recolle no Anexo a este acordo.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

ANEXO:

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polos diferentes servizos municipais do Concello de Lousame.

As liñas, áreas ou ámbitos de actuación que serán obxecto de subvención quedarán establecidas nas diferentes convocatorias.

As subvencións rexeranse polas prescricións contidas nesta ordenanza e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, R.D. 887/2006 Regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, polas Bases de Execución do orzamento municipal, e normas de dereito administrativo que resulten de aplicación.

Artigo 2.- Réxime de compatibilidade.

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.





Salvo as excepcións que se poidan establecer en cada convocatoria específica, será incompatible a concesión doutra subvención para o mesmo proxecto, por outra área ou concellería do Concello de Lousame.

CAPITULO II. BENEFICIARIOS

Artigo 3.- Entidades solicitantes

Poderán participar nas diferentes convocatorias as entidades que cumpran os requisitos do apartado 3.1, así como os da convocatoria correspondente, no momento de presentar a solicitude.

Só poderá concederse unha subvención por entidade e convocatoria.

No suposto de que unha federación, grupo de entidades ou entidade que integre a outras asociacións solicite subvención para un proxecto, non poderán facelo as asociacións ou entidades que pertencen ás mesmas, sempre que os obxectivos e actividades sexan coincidentes.

Os requisitos para poder solicitar unha subvención son os seguintes:

3.1.- Persoas xurídicas: Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Lousame, cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude.

De xeito excepcional, pode eximirse de cumprir este requisito ás asociacións ou entidades, que non tendo a súa sede social en Lousame, desenvolvan actividades no Concello de tipo educativo, deportivo, cultural, social, asistencial; así como ás Comisións de Festas.

3.2.- Persoas físicas: Deberán estar empadroadas no Concello de Lousame e presentar a documentación que para cada tipo de axuda se estableza na Ordenanza ou nas convocatorias correspondentes.

3.3.- Non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

3.4.- No caso de entidades que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Lousame, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no art. 37 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Se no momento de presentar a solicitude non se puidera acreditar este extremo, por estar o Concello tramitando a fase de "xustificación" das subvencións incluídas na anterior convocatoria, incorporárase ao expediente de solicitude





informe do Xefe do Servizo sobre este extremo, sen que supoña motivo de exclusión para solicitar.

3.5.- Que as actividades para as que se solicita subvención sexan de interese para o Concello.

3.6.- Cumprir cos requisitos da convocatoria correspondente.

Artigo 4.- Solicitudes

4.1.- Forma, lugar e prazo

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios contemplados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será o que se estableza de xeito particular en cada convocatoria específica. De non constar, o prazo para presentar a solicitude será de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria correspondente. De ser o último día de prazo domingo ou festivo, entenderase prorrogado até o día seguinte hábil.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao interesado.

4.2.- Documentación

Os modelos xerais serán os elaborados e facilitados polo Concello.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información necesaria, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como "Anexo ao doc. Nº".

4.2.1.- Instancia de solicitude asinada polo/a solicitante (persoa física) ou presidente/a da entidade, asociación ou institución, na que constará, obrigatoriamente, unha conta de correo electrónico identificativa da entidade, para establecer unha vía de comunicación entre a entidade e o Concello no que se refire a este proceso. A variación da conta de correo electrónico durante a tramitación do expediente deberá ser comunicada ao Concello.

Na propia instancia se indicará a documentación que se terá que achegar obrigatoriamente, sen prexuízo da que poida ser necesaria achegar para a correcta resolución do expediente.

4.2.2.- Memoria das actividades para as que se solicita a subvención.





4.2.3.- Declaración responsable do/a solicitante (persoa física) ou presidente/a da entidade sinalando se ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos mesmos programas e actividades, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.

4.2.4.- Declaración responsable do/a solicitante (persoa física) ou Presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais.

4.2.5.- Autorización do/a solicitante ou presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello, coa Axencia Tributaria, e coa Seguridade Social.

No caso de presentar as certificacións orixinais aportadas directamente polo solicitante ou entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización.

4.2.6.- Certificación acreditativa de non ter débedas coa Axencia Tributaria de Galicia.

4.2.7.-Declaración responsable do/a solicitante ou presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4.2.8.- Certificado IBAN do número de conta onde se efectuará o pagamento da subvención.

4.2.9.- No caso de documentos e informacións esixidos na convocatoria que estiveran en poder do Concello, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentadas, ou no seu caso, emitidos.

4.2.10.- Calquera outra documentación que se especifique na convocatoria correspondente.

4.2.11.- De acordo co establecido no art. 24 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e nos supostos que nel se prevén, a presentación de declaracións responsables substituirá á presentación das certificacións acreditativas do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.2.12.- Todas as Declaracións responsables que se presenten coa solicitude serán cubertas nos modelos oficiais facilitados polo Concello, e estenderán a súa vixencia ás distintas fases do procedemento administrativo do expediente de solicitude de subvención.

Artigo 5.- Obrigas das entidades beneficiarias

eDocumento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Con independencia das obrigacións específicas que recollan as distintas convocatorias, os convenios ou acordos de concesión, serán obrigacións xerais dos beneficiarios das subvencións do Concello de Lousame as seguintes:

5.1.- Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.

5.2.- Cumprir cos requisitos establecidos nas bases das diferentes convocatorias ou convenio regulador.

5.3.- Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.

5.4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.

5.5.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos

5.6.- Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.

5.7.- Facer constar a colaboración do Concello de Lousame en toda a publicidade que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual e na páxina web da entidade se a tivera).

Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

5.8.- Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc...) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago.

O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc..). A cada pago en metálico deberá acompañarse un informe do Tesoureiro/a da entidade acreditativo da forma de pago do gasto realizado.

5.9.- Realizar as actividades no período establecido na convocatoria, e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado en cada convocatoria.





CAPITULO III. PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN

Artigo 6.-Procedemento de concesión e pago

As subvencións poderán concederse en réxime de concorrència competitiva, de forma directa, ou con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

6.1.- Concorrència competitiva

Para os efectos desta ordenanza, terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realice mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados, e adjudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

6.1.1.- O procedemento de concesión destas subvencións iníciase de oficio, e deberá incluír necesariamente os seguintes trámites:

6.1.1.1.- Convocatoria pública mediante acordo da Alcaldía ou órgano Colexiado / Concelleiro/a en quen delegue esta competencia, axustada ao previsto no artigo 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que incluírá as bases específicas nas que se consignarán os créditos orzamentarios aos que se imputan as subvencións.

6.1.1.2.- Publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro Electrónico e páxina web do Concello indicando: o obxecto e finalidade, os requisitos para formular as solicitudes, a oficina municipal onde se poden obter as bases da convocatoria, e o lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As convocatorias de subvencións deberán publicarse na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS), con indicación do diario oficial no que se publicará o extracto das mesmas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

6.1.1.3.- Presentación das solicitudes no modelo oficial.

6.1.1.4.- Rematado o prazo de presentación, procederase á formación do expediente de cada solicitude de subvención, comprobando os documentos presentados (parte administrativa), así como o contido dos mesmos (parte técnica).

6.1.1.5.- No caso de que a solicitude e documentos que acompañan non se realizase no modelo oficial entregado ao efecto, ou de que a documentación





presentada, requirida no apartado 4.2, fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda, requiríndoselle por escrito ao solicitante para que repare os defectos observados, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A entidade ou solicitante que non cumpra cos requisitos esixidos no apartado 3.1 no momento da presentación da solicitude non poderá optar á subvención solicitada, notificándose a resolución de arquivo do expediente.

6.1.1.6.- A cada expediente será incorporado un informe de avaliación provisional realizado polo Técnico correspondente.

6.1.1.7.- Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos técnicos que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

6.1.1.8.- A composición da Comisión de Valoración será determinada en cada unha das diferentes convocatorias.

6.1.1.9.- A Comisión de Valoración emitirá informe expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía, causas de denegación, así como o importe, que deberá ser xustificado.

6.1.1.10.- O órgano instrutor, á vista do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver.

6.1.1.11.- Resolución do órgano competente aprobando ou denegando a concesión de subvencións, que deberá ser notificada aos beneficiarios no prazo de dez días desde que se adopte o acordo.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

6.1.1.12.- Aceptación por parte dos beneficiarios nun prazo de dez días desde a notificación da resolución. Transcorrido este prazo, sen que se producira manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.

6.1.1.13.- Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na páxina web e Taboleiro Electrónico do Concello, ou aqueles outros establecidos por Lei.





Remítirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre as subvencións concedidas; xa que a BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

6.1.2.- Reformulación das solicitudes

Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo outorgado no apartado 6.1.1.12, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a entidade poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

A nova solicitude remítirase á Comisión de Valoración para novo ditame, e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución inicial de concesión.

6.1.3.- O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación, por parte do beneficiario, da realización da actividade, proxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos da normativa reguladora da subvención.

Poderán realizarse pagos a conta ou pagos anticipados da subvención, con indicación do réxime de garantías que proceda, se é o caso, de acordo co establecido no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia á conta bancaria reflectida na solicitude.

6.2.- Procedemento de concesión directa

A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales canalizar estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na Lei Xeral de Subvencións, e terán o carácter de bases reguladoras para os efectos previstos nesta.

Deberán incluír como mínimo:

6.2.1.- Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios/as, de acordo coa asignación orzamentaria.

6.2.2.- Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, se é o caso, para cada beneficiarios se fosen varios.

6.2.3.- Compatibilidade ou incompatibilidades con outra subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración, ente público, privado ou nacional, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.





6.2.4.- Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e aboamentos a conta, así como o réxime de garantías que, se é o caso, deberán achegar os beneficiarios.

6.2.5.- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e da aplicación dos fondos percibidos.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Lousame, sen prexuízo do que a este respecto poidan establecer as Bases de Execución do orzamento municipal.

A asignación que finalmente se reflicta nos acordos de concesión das subvencións nominativas poderá ser distinta da previsión orzamentaria, cando así resulte da aplicación dos convenios nos que teñan fundamento ou por outras causas debidamente motivadas, e previa modificación, no seu caso, das bases de execución do orzamento.

Artigo 7.-Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

Serán competentes para a instrución do procedemento de concesión ou non concesión de subvencións a Alcaldía e/ou os Concelleiros/as Delegados/as da área que teña delegada a concesión de axudas económicas para a convocatoria correspondente, os/as cales impulsarán de oficio a realización de cantas actuacións consideren necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Alcaldía ou órgano colexiado / Concelleiro/a en quen delegue esta competencia.

Artigo 8.-Criterios de valoración e determinación da contía da subvención

8.1.- Serán criterios preferenciais para o outorgamento das subvencións aos solicitantes e ás entidades asociativas municipais para o desenvolvemento de actuacións no termo municipal, atendendo aos principios de obxectividade e igualdade, os establecidos nas diferentes convocatorias.

Computarase en positivo, na baremación das subvencións municipais, a presenza de mulleres nos órganos directivos das entidades asociativas solicitantes, nomeadamente nas asociacións deportivas.

8.2.- A contía da subvención estará directamente relacionada coa valoración dos proxectos, non podendo superar o límite marcado polas diferentes convocatorias. No caso de non especificarse este límite, o importe da subvención solicitada non poderá superar o 100% do orzamento de gastos presentado.





Para o caso de que a suma do importe resultante desta valoración e das solicitudes ou concesións de outras axudas por organismos públicos ou entes privados, superara o 100 % do custo total do proxecto presentado pola entidade solicitante, o importe da subvención municipal quedaría minorado proporcionalmente.

Cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.

Unha vez rematada a fase de avaliación de todas as solicitudes e determinados os importes das subvencións a conceder, no caso de que a cantidade concedida total fora inferior á consignación orzamentaria inicialmente asignada, a Comisión de Valoración de consideralo oportuno, poderá realizar os axustes necesarios entre os beneficiarios das subvencións, até que o reparto total acade a consignación inicial destinada a este fin.

Artigo 9.- Financiamento

A concesión das subvencións terá como límite as dispoñibilidades orzamentarias que o Concello de Lousame asignará nos seus Orzamentos para a concesión de subvencións.

As diferentes convocatorias de concesión de subvencións establecerán a/s aplicación/s orzamentaria/s de imputación así como o importe asignado a cada unha delas.

A distribución destes créditos realizarase conforme aos criterios establecidos nas convocatorias correspondentes.

A aprobación das distintas convocatorias particulares poderá quedar sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento Xeral do Concello de Lousame para o correspondente exercicio, no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo destas se presenten.

En base ao anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso con transcendencia orzamentaria; en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.

En ningún caso as convocatorias particulares xerarán dereito ningún a favor das entidades solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

CAPITULO IV. XESTIÓN E FISCALIZACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 10.- Xustificación, lugar e prazos de execución

eDocumento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





10.1.- A persoa ou entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Aos efectos do disposto no art. 75 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para subvencións concedidas por importe inferior a 60.000,00 €, e sempre que así se prevexa nas distintas convocatorias, para a xustificación da subvención concedida presentárase unha conta xustificativa simplificada.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.

O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Os modelos dos documentos serán os elaborados e facilitados polo Concello de Lousame.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como "Anexo ao Doc. Nº".

Coa instancia de xustificación da subvención concedida achegarase, debidamente relacionada, a seguinte documentación:

10.1.1.- Memoria Técnica da actividade realizada:

- Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.
- Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
- Número de beneficiarios desagregados por sexo.
- Declaración dos recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.
- Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.
- Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.

10.1.2.- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.

10.1.3.- Cando o importe da subvención concedida sexa inferior a 60.000,00 €, presentárase unha Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago.

Cando o importe da subvención concedida sexa igual ou superior a 60.000,00 € presentárase unha Memoria Económica que conterà:





- Relación numerada das facturas ou documentos equivalentes que se aportan para xustificar a subvención concedida, con indicación do número, titular, importe total da factura, e importe que se imputa á xustificación e data e forma de pago, polo importe total do proxecto ou acción subvencionada.
- Nos orixinais de todas as facturas presentadas, deberá realizarse unha dilixencia, asinada polo/a Secretario/a da entidade, na que conste o tanto por cento ou importe que da mesma se imputa á subvención que se xustifica.
- Fotocopias das facturas que se inclúen no apartado segundo, (debendo estar identificadas co nº que ten asignado na relación e ordenadas correlativamente) axuntando a cada unha delas o seu xustificante de pago. No suposto de que, excepcionalmente, o pago fora realizado en metálico, deberá constar na propia factura recibín asinado pola persoa que recibe os fondos, con indicación do seu nome e apelidos e DNI.
- No caso de que se presenten gastos que conleven unha retención por parte da entidade do IRPF ou de Seguridade Social, deberán acreditar o pago de nóminas, boletíns de cotización á seguridade social, e impresos de ingreso en Facenda das retencións practicadas.
- As facturas e recibos de pagamento deberán reunir os seguintes requisitos:
 - a) Os conceptos dos gastos serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.
 - b) O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - c) Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos, base impoñible, tipo do IVE aplicado e o seu importe, tipo do IRPF e o seu importe, calquera outro imposto ao que estivera suxeito o provedor, e o total resultante da factura.
 - d) Cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de facturación.

10.1.4.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.

10.1.5.- Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas, (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera)

Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán presentar xustificación do cumprimento da obriga de dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

10.1.6.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.





10.1.7.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais.

10.1.8.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Este documento non será necesario sempre e cando a declaración aportada coa solicitud non sufrira variación.

10.1.9.- Calquera outra documentación que se especifique na convocatoria correspondente.

10.1.10.- Nos expedientes de xustificación na modalidade de conta xustificativa simplificada, o Concello comprovará, a través das técnicas de mostreo que se acorden en cada convocatoria, os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin poderá requirir ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

10.2.- Toda a documentación recollida no apartado 10.1 presentarase no Rexistro Xeral do Concello, dentro do primeiro trimestre do ano natural seguinte ao da concesión da subvención, excepto que as diferentes convocatorias establezan outro prazo.

10.3.- O período de execución comprenderá do 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano a que fai referencia a convocatoria de concesión de subvencións, con independencia da data na que se conceda a subvención e se faga efectivo o pago, excepto que os diferentes convenios ou convocatorias establezan outro período.

Artigo 11.- Tipoloxía do gasto

11.1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no prazo establecido, e se axusten aos criterios que figuren expresamente nas diferentes convocatorias. Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria.

11.2.- Os gastos de investimento que teñan relación directa coas actividades subvencionadas ou necesarios para o seu desenvolvemento, e que non foran obxecto dunha subvención específica para a súa adquisición polo Concello de Lousame, tamén terán a consideración de gastos subvencionables, salvo que nas diferentes convocatorias se estableza o contrario.

A amortización destes gastos, para a inclusión dos mesmos na xustificación da subvención, limitarase a un máximo de tres anos. Ás facturas que documenten o investimento realizado adxuntaranse ó correspondente cadro de amortización.





11.3.- Exclusiones

11.3.1.- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde, así como os alimentos e bebidas, agás os produtos típicos de celebracións tradicionais gastronómicas e festexos populares.

11.3.2.- Os gastos establecidos no art. 31.7 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

11.3.3.- As actividades suxeitas a un convenio de colaboración co Concello.

11.3.4.- Aqueles gastos que se establezan de xeito particular nas diferentes convocatorias.

Artigo 12.- Causas de invalidez da resolución de concesión, reintegro e procedemento.

Son causas da resolución de concesión da subvención as contempladas no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia do beneficiario, e nos demais supostos de incumprimento por parte do beneficiario, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora dende o momento do pagamento da subvención até a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga de xustificar no prazo e termos que se establecen.
- b) Cando a xustificación parcial do gasto non acade o 50 % do importe a xustificar.
- c) Cando a xustificación parcial do gasto supere o 50% do importe a xustificar, reintegrarase a parte proporcional da cantidade deixada de xustificar, sempre e cando existan motivos dabondo que xustifiquen que non executándose a totalidade do proxecto subvencionado, a actividade resultante desenvolvida foi de interese e aproveitamento por parte dos participantes, acadándose resultados satisfactorios. En caso contrario procederá o reintegro da totalidade do importe concedido.





- d) Obtención da subvención sen reunir ou deixando de reunir os requisitos establecidos (falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedirán).
- e) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.
- f) Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarias con motivo da concesión da subvención.
- g) Negativa do beneficiario ás actuacións de control establecidas polo Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.
- h) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da Lei 38/2003.
- i) Incumprimento das obrigas impostas polo Concello aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de eles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou doutros distintos dos anteriores.

A resolución pola que se esixa o reintegro ditarase polo órgano competente para a concesión, seguindo o procedemento establecido no artigo 42 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, e no 37 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvención de Galicia.

CAPITULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 13.-Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, en canto non contradigan o disposto para estes efectos nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

A imposición da sanción será independente da obriga de reintegro da cantidade indebidamente recibida, e o órgano competente para impoñer sancións será a Alcaldía ou órgano no que delegue.

De acordo co establecido no art. 63.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non se sancionarán as infraccións recollidas nos parágrafos b) e d) do art. 58 cando os infractores reintegraran as cantidades e os correspondentes xuros de mora sen previo requirimento.

Artigo 14.-Resolución e recursos

A Alcaldía, ou órgano colexiado / Concelleiro/a en quen delegue esta competencia, acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta do órgano instrutor, co ditame previo da Comisión de Valoración, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, R.D. 887/2006 Regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e a Lei





39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, conforme o establecido nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, previsto no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte da notificación do acordo.

DISPOSICIÓN FINAL E DERROGATORIA

A presente ordenanza entrará en vigor ao abeiro do establecido no artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez que se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do devandito texto legal; supoñendo a derogación de calquera outra anterior, e permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa polo Concello de Lousame.>>

4) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 24.05.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e do GPM do PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do GPM Mixto), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

<<Asunto: *Modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. Doing business Galicia*
Expediente: 2020/G015/000002





O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: A modificación que se propón ten coma finalidade principal establecer unha nova bonificación, baseada no fomento de emprego, que potencie as actividades empresariais e o asentamento de empresas no municipio e, derivado disto, o fomento do emprego local, logrando así a atracción de poboación cara o Concello e fixando a existente.

Por outra banda, tamén cómpre modificar a ordenanza para adaptala á existencia de obras, construcións e instalacións que dende a entrada en vigor da Lei do Solo de Galicia xa non precisan de licenza, e tramítanse mediante o procedemento de comunicación previa ou declaración responsable.

Ademais, cómpre introducir aspectos interpretativos deste imposto derivados da xurisprudencia emanada polo Tribunal Supremo.

Segundo: Consta no expediente Providencia de incoación, do día 11/05/2021.

Terceiro: Consta no expediente Memoria explicativa da modificación que se pretende acometer, do día 11/05/2021.

Cuarto: Consta informe do Técnico de Administración Xeral e da Secretaría-Intervención núm. 82 do 11/05/2021.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Segundo: O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro: Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da LPAC, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.





Segundo: Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que quedará redactada como se recolle no Anexo deste acordo.

Terceiro: Abrir un período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Cuarto: Unha vez iniciado o período de información pública segundo o previsto no párrafo anterior, no caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Quinto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

*<<Asunto: Modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. Doing business Galicia
Expediente: 2020/G015/000002*

O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: A modificación que se propón ten coma finalidade principal establecer unha nova bonificación, baseada no fomento de emprego, que potencie as actividades empresariais e o asentamento de empresas no municipio e, derivado disto, o fomento do emprego local, logrando así a atracción de poboación cara o Concello e fixando a existente.

Por outra banda, tamén cómpre modificar a ordenanza para adaptala á existencia de obras, construcións e instalacións que dende a entrada en vigor da Lei do Solo de Galicia xa non precisan de licenza, e tramítanse mediante o procedemento de comunicación previa ou declaración responsable.

Ademais, cómpre introducir aspectos interpretativos deste imposto derivados da xurisprudencia emanada polo Tribunal Supremo.

Segundo: Consta no expediente Providencia de incoación, do día 11/05/2021.





Terceiro: Consta no expediente Memoria explicativa da modificación que se pretende acometer, do día 11/05/2021.

Cuarto: Consta informe do Técnico de Administración Xeral e da Secretaría-Intervención núm. 82 do 11/05/2021.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Segundo: O procedemento para aprobar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro: Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da LPAC, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que quedará redactada como se recolle no Anexo deste acordo.

Terceiro: Abrir un período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Cuarto: Unha vez iniciado o período de información pública segundo o previsto no párrafo anterior, no caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Quinto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS





Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

2.1.- Constitúe o feito impoñible do Imposto a realización no termo municipal de Lousame, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda a este Concello.

2.2- Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito impoñible definido no apartado anterior e en particular as seguintes:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou reforma que afecten á estrutura ou aspecto exterior ou á disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras dos servizos públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.
- e) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- f) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.
- g) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos calquera que sexa o seu emprazamento.
- h) Os usos e instalacións de carácter provisorio.
- i) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.





- j) As instalacións subterráneas dedicadas os aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso ao que se destine o subsolo.
- k) A realización de calquera outra actuación establecida polo Plan de Ordenación ou polas ordenanzas que lle sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións, ou obras.
- l) Derrubamentos.
- m) As que se realicen en cemiterios.
- n) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise de licenza de obra ou urbanística ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 3º.- SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO.

Non estarán suxeitos ao imposto regulado nesta ordenanza, na aplicación da xurisprudencia nesta materia:

- a) As obras incluídas nun proxecto de urbanización e de compensación aprobados, non están suxeitas ao ICIO, xa que non están suxeitos á obtención de licenza (STS do 30 de setembro do 2000, STS do 15 de febreiro do 2003, STS do 12 de marzo de 2004)
- b) As obras realizadas como consecuencia dunha orde de execución ditada polo Concello (STS do 10 de outubro do 2003)

Artigo 4º.- EXENCIÓNS.

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si trata de obras de inversión nova como de conservación.

A concesión ou denegación da exención será efectuada polo Pleno da Corporación, previo informe dos servizos técnicos.

Artigo 5º.- SUXEITOS PASIVOS E SUBSTITUTOS DO CONTRIBUÍNTE.

5.1.- Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Aos efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións, instalacións ou obras quen soporte os gastos ou custos que comporten a súa realización.

5.2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen solicite a correspondente licenza ou presente a





correspondente declaración responsable ou comunicación previa ou realice as construcións, instalacións ou obras.

Para a aplicación deste apartado considérase substituído de primeiro grado ao solicitante da licenza ou persoa que presente a declaración responsable/comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza nin presentación de declaración responsable/comunicación previa, esixirase a presentación da declaración e o ingreso á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

5.3.- O substituído poderá esixir ao contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 6º.- BASE IMPOÑIBLE.

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que integre o custo de execución material.

Artigo 7º.- TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA.

7.1.- A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

- a) Construcións, instalacións e obras cun presuposto de execución material inferior a 300.000,00 €: 2,40 %.
- b) Construcións, instalacións e obras cun presuposto de execución material igual ou superior a 300.000,00 € e inferior a 600.000,00 €: 2,80 %.
- c) Construcións, instalacións e obras cun presuposto de execución material igual ou superior a 600.000,00 €: 3,00 %.

Para as obras que figuran como menores no anexo “Cadro de módulos para o cálculo de orzamentos de obra a efectos liquidación do imposto” o tipo de gravame será o 2,00 %.

7.2.- A cota líquida do imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar á cota as bonificacións que se establecen no artigo 9º desta ordenanza.

Artigo 8º.- VINDICACIÓN DO IMPOSTO.





8.1.- A obriga de contribuír nace no momento de comezar construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que se comece sen ter obtido a licenza que proceda ou sen ter presentado a declaración responsable ou comunicación previa.

8.2.- Aos efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a perceptiva licenza municipal; no momento que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ao mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local. No caso das comunicacións previas ou declaracións responsables, aos 15 días da súa presentación no rexistro do Concello.

Artigo 9º.- BONIFICACIÓNS.

9.1.- Establécese unha bonificación fiscal de até o 95% para as construcións, instalacións ou obras que, a solicitude do suxeito pasivo, sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

95%	Creación de máis de 20 postos de traballo.
75 %	Creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
50%	Creación de até 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial; así como a aquelas outras que consistan na ampliación das instalacións dunha actividade económica ou empresarial xa existente, sempre e cando impliquen creación de emprego.

A concesión do beneficio fiscal, así coma a declaración de especial interese ou utilidade municipal, corresponderá ao Pleno da Corporación, por maioría simple dos seus membros.

Á presente bonificación resúltanlle de aplicacións as seguintes normas:

- a) Non se entenderá que concorre o requisito da nova actividade, nos seguintes supostos:
 - a. Cando a actividade económica fose realizada anteriormente por outras persoas ou entidades relacionadas no sentido do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, reguladora do Imposto sobre sociedades e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.
 - b. Cando a actividade económica fose realizada, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que ostente unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación, superior ao 50%





- c. Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
 - d. Non se entenderá que existe nova actividade cando no mesmo local para o que se solicita a bonificación se viñera desenvolvendo calquera outra actividade, polo mesmo titular, baixo outro epígrafe do Imposto de Actividades Económicas.
- b) Entenderase por ampliación das instalacións, a apertura dun novo centro de traballo, sempre e cando se manteña a apertura dos centros nos que xa viña desenvolvendo habitualmente a actividade.
- c) Requisitos relativos á creación de emprego:
- a. Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.
 - b. Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados dende o inicio da actividade ou ampliación da mesma.
 - c. Non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que procedan de traslados ou diminucións de plantillas ou postos de traballo doutros centros do suxeito pasivo ou do seu grupo. En caso de fusión, absorción, cambio de denominación ou similares, non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que xa dispuxeran de contrato laboral nunha empresa afectada por este tipo de procesos.
 - d. Os traballadores deberán ter como destino principal ou lugar no que desempeñan a totalidade ou a meirande parte do seu traballo, o local obxecto da obra bonificada.
 - e. Os contratos de traballo deberán formalizarse non prazo máximo de tres anos desde a concesión da licenza de obras correspondente, ou da prórroga que se conceda no seu caso para a execución da obra ou da presentación da comunicación previa, de ser este o procedemento adecuado.
- d) No momento da solicitude da bonificación, achegarse unha Memoria Explicativa da iniciativa económica proxectada ou da ampliación da dita iniciativa económica, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. O interesado, achegará a seguinte documentación:
1. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver no local obxecto da obra, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.
 2. Declaración dos empregos a crear, detallando o seu número e modalidade da xornada.
 3. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social.





e) A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación:

1. Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).
2. Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa.

f) A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo (de tres anos) de mantemento do emprego, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo reintegrarse na Tesourería Municipal o importe da bonificación.

9.2.- Establécese unha **bonificación fiscal do 95 %** da cota para construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de **especial interese ou utilidade municipal** por concorrer circunstancias **sociais, culturais ou histórico-artísticas** que xustifiquen tal declaración. Acordarase previa solicitude do suxeito pasivo acompañada de memoria na que se motive o especial interese ou utilidade municipal.

Neste caso, a concesión do beneficio fiscal, así coma a declaración de especial interese ou utilidade municipal, corresponderá ao Pleno da Corporación, por maioría simple dos seus membros.

9.3.- Establécese unha **bonificación fiscal do 25%** a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen **sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar** para o autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía, a deducir da cota íntegra do imposto.

O suxeito pasivo deberá aportar xunto coa solicitude de licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou enerxía solar fotovoltaica para o autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

9.4.- Establécese unha bonificación fiscal do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal e autonómica na materia.





Para o goce da mesma o suxeito pasivo, deberá aportar no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

9.5.- Establécese unha bonificación fiscal do 90% a favor das construcións, instalación e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establece no 90% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados a deducir da cota íntegra do imposto.

9.6.- As bonificacións reguladas nos parágrafos 9.2, 9.3, 9.4 e 9.5 deste artigo esixirán:

- a) Solicitud de interesado, que deberá presentarse coincidindo coa solicitude da correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa.
- b) Informe dos servizos municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Medio Ambiente, Servizos Sociais).
- c) Acordo do Pleno da corporación.

As bonificacións aplicaranse sobre a cota íntegra do imposto.

9.7.- Como regra xeral, as bonificacións fiscais non serán aplicables simultaneamente; agás as contempladas no parágrafo 9.3 e 9.4, que poderán solicitarse de xeito simultáneo. Os interesados, no momento de formular a súa solicitude, identificaran que bonificación pretenden que se aplique.

Artigo 10º.- NORMAS DE XESTIÓN.

10.1.- Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, comunicación previa ou declaración responsable, acompañada dos correspondentes orzamentos, nos casos que sinala a normativa aplicable ao solo e a edificación, tanto estatal, coma autonómica ou local. A solicitude de licenza urbanística, presentación da comunicación previa ou declaración responsable terá o valor de declaración tributaria, por canto dos orzamentos que acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa ou de declaración responsable antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta ordenanza.

10.2.- Concedida a licenza, presentada a comunicación previa ou declaración responsable e, en todo caso, no prazo máximo dun mes a partir do momento no que se inicia a construción, instalación ou obra, incluso cando non fose presentada a comunicación previa ou declaración responsable, ou non solicitada, concedida ou denegada aínda a devandita licenza, o suxeito pasivo estará obrigado a aboar a liquidación pertinente nos prazos establecidos no artigo 62.2





da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que o pagamento comporte ningún acto declarativo de dereito a prol daqueles.

A base impositiva para esta liquidación determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constituía requisito perceptivo. Noutro caso, a base impositiva será determinada pola oficina técnica municipal.

10.3.- O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será da conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

10.4.- Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, poderá modificar a base impositiva á que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando o suxeito pasivo a cantidade que resulte.

Para estes efectos e no caso que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se incrementara o orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos, están obrigados a facer o ingreso da liquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado co suxeición os prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

10.5.- No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule a renuncia expresa á licenza para a realización das obras ou caducara a licenza ou formule renuncia expresa a realizar as obras comunicadas previamente.

10.6.- No suposto de licencias concedidas en virtude da aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá de realizarse antes de dar comezo as obras.

No suposto de comunicación previa ou declaración responsable o pagamento do imposto deberá de realizarse antes de dar comezo as obras, sen prexuízo da posterior liquidación por parte do Concello.

Artigo 11º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza comezará a rexer a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente mentres no se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO.

eDocumento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





CADRO DE MÓDULOS PARA O CÁLCULO DE ORZAMENTOS DE OBRA A EFECTOS DE LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO.

OBRAS MENORES		Valor estimado. EUROS	2% (Tipo) EUROS
1	SUMIDOIROS		
Ud.	Filtro biolóxico compacto	700,00	14,00
2	REFORMAS INTERIORES		
M2	Cuarto de baño reforma interior	360,00	7,20
M2	Reforma interior	300,00	6,00
3	POZOS		
	Pozo de barrena tipo	1.200,00	24,00
4	PECHES		
M2	Peche bloques ou ladrillos revestidos	40,00	0,80
M2	Peche de pedra, perpiaño ou mampostería	60,00	1,20
M2	Peche de formigón (acabado pintado)	40,00	0,80
M2	Peche malla metálica forrada con postes	30,00	0,60
M2	Muro de contención ata 1,5 metros de altura (acabado pintado)	50,00	1,00
5	REVESTIMENTOS		
M2	Enfoscados	8,00	0,16
M2	Chapado de pedra tradicional	50,00	1,00
M2	Pintura exterior	5,00	0,10
M2	Encintado cantería	15,00	0,30
6	CONDUCTOS		
MI	Cheminea ao exterior	120,00	2,40
Ud	Eganche a saneamento	250,00	5,00
MI	Canalóns e baixantes	22,00	0,44
7	CARPINTERÍA		
M2	Carpintería exterior con apertura de ocos	300,00	6,00
M2	Carpintería exterior	250,00	5,00
8	GALPÓNS		
M2	Galpón bloques (Ata 30 m2), revestidos e pintados	100,00	2,00
M2	Galpóns pedra (Ata 30 m2)	150,00	3,00
9	TELLADOS		
M2	Reposición de cuberta con tella	15,00	0,30
M2	Reposición de cuberta con fibrocemento e tella	40,00	0,80





M2			
10	VARIOS		
M3	Desmontes e recheos ata 50 m3	5,00	0,10
MI	Salvacunetas e pasos de formigón diámetro 40 cm.	25,00	0,50
M2	Beirarrúas, pavimentacións exteriores, ramplas de acceso.	15,00	0,30
MI	Salvacunetas e pasos de formigón diámetro 60 cm.	30,00	0,60

Norma xeral: Para o caso de que o suposto presentado non se axuste estritamente ós módulos deste cadro, actuarase, ben por similitude ou no seu defecto a base impositiva será determinada polo técnico municipal, de acordo co custe estimado da construción, instalación ou obra.>>

5) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/2021, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE APLICACIÓNS DE DIFERENTE ÁREA DE GASTO

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 24.05.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/2021, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE APLICACIÓNS DE DIFERENTE ÁREA DE GASTO.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

<<O Pleno Corporativo do Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, que se adopta baseado nos seguintes

Antecedentes Administrativos e fundamentación xurídica:

Primeiro: Existen unha serie de gastos para os que é preciso dotar crédito, que consisten no:

- Financiamento das seguintes facturas de inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos en equipos para procesos de información, por importe total de 3.532,87 €:





		9206260 0		EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L.		Parte de trabajo número 111052 CONCEPTO: - Cambio rack comunicaciones - Comprobaciones patch panel - Revisión TAU - Con
F/2021/191	01/03/2021	9206260 0	FVE2021 130	EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L.	632,35	Parte de trabajo número 111031 CONCEPTO: - Conexiónado patch de nuevo Rack - Estudio traslado equipamiento de red
F/2021/195	01/03/2021	9206260 0	FVE2021 145	EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L.	2162,78	Armario rack 19" de pie 42U 600x1000x2000mm 2 Bandejas incluídas 2 Regletas para Rack con interruptor / Latiguillo de R
					3.532,87	

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación 9.6 non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

– 920.62600: 3.532,87 €

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **15/2021**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

– 231.22799: 3.532,87 €

Xustificación:

Ao Concello de Lousame, dentro do programa POS+ Adicional 1/2021, correspondeulle a achega de 116.065,44 €; cantidade solicitada grazas ao acordo plenario do día 29/01/2021 e cuxa concesión foi notificada o día 19/04/2021.

Unha das finalidades do POS+ Adicional 1/2021 é a seguinte: **“Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas”**

A aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade dependencia, correspondente ao 1T do ano 2021 é a seguinte:

1	Gasto do servizo de Axuda a Domicilio – modalidade dependencia: xaneiro, febreiro e marzo 2021	85.625,01 €
2	Transferencia da Xunta de Galicia relativa ao servizo SAD – Dependencia: xaneiro, febreiro e marzo 2021	51.946,85 €
3	Copago dos usuarios do servizo SAD- Dependencia: xaneiro, febreiro e marzo 2021	8.616,26 €
4	Aportación municipal (1 - 2 - 3)	25.061,90 €

Polo tanto, é posible xerar crédito por esa contía (25.061,90 €) financiando a modificación coa subvención concedida pola Deputación da Coruña, ao abeiro do POS+ Adicional 1/2021; e así liberar o crédito inicial consignado no Orzamento do 2021 para outras finalidades.

A dita Xeración de Crédito, por importe de 25.061,90 € foi aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 266 do 11/05/2021.





Unha vez contabilizada a dita modificación de crédito, liberouse do proxecto de gasto 08.2021 á aplicación 231.22799, a contía de 25.061,90 €.

Mediante a MC 15/2021 empréganse 3.532,87 € para sufragar a finalidade antes descrita.

Cuarto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO: RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS												
MELLORA DE TRAZADO DO VIARIO Á ESCABIA												
RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS												
FINCA	REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR	D.N.I.	SUPERFICIE TOTAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m ²)			CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	CULTIVO	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	OUTROS BENS AFECTADOS	
					PLENO DOMINIO	SERVIDUME	OCUPACIÓN TEMPORAL					
1	15043A107002340000IH	LAIÑO REGUEIRA, ANTONIO (HDROS.)	3306****	13.548	195			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	195	M2 ARBOREDO(Robledal)
3	15043A107002270000IE	VAZQUEZ GONZALEZ, CARMEN MARIA (HDROS.)	***8230	686	42			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	42	M2 ARBOREDO (MIXTO)
4	15043A107002280000IS	CANLE GONZALEZ, CARMEN (HDROS.)	**4782**	776	82			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	82	M2 ARBOREDO (MIXTO)
5	15043A107002330000IU	VAZQUEZ GONZALEZ, AURELIA	3325****	2.544	75			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	75	M2 ARBOREDO (MIXTO)
6	15043A107002680000IA	VAZQUEZ GONZALEZ, AURELIA	3325****	765	110			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL		
7	15043A107002690000IB	CASTELO GOMEZ, RAMON (HDROS.)	****2338	314	139			SOLO RÚSTICO	VIÑEDO (SEN CULTIVAR)	RURAL	139	M2 ESTRUCTURA DE EMPARRADO C/ POSTES FORMIGÓN (SEN VIÑEDO)
8	15043A107002700000IW	VAZQUEZ GONZALEZ, AURELIA	3325****	375	194			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1 0,5	UD. ÁRBORE MADEIRABLE M2 VALADO DE PEDRA
9	15043A107002710000IA	MIGUENS CANLE, ROSA (HDROS.)	**4012**	221	115			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
10	15043A107002720000IB	RODRIGUEZ REGUEIRA, SONIA	7933****	361	221			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
11	15043A107002730000IY	CANLE GONZALEZ, MARIA DE LA MERCED	**3992**	492	322			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1 1	UD. LOUREIRO UD. ÁRBORE MADEIRABLE
12	15043A107002770000IL	RODRIGUEZ REGUEIRA, SONIA	7933****	1.736	1110			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	5	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
13	15043A107002820000IF	CANLE GONZALEZ, MARIA DE LA MERCED	**3992**	87	29			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
14	15043A107002830000IM	VIDAL LAIÑO, MARIA	****8515	91	30			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
15	15043A107002840000IO	RODRIGUEZ LORENZO, CARMEN	3539****	250	103			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	12	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
16	15043A108000660000IM	LOPEZ EIRAS ROSA (HDROS.)	**4782**	613	80			SOLO RÚSTICO	VIÑA EMPARRADO	RURAL	80 14 2	M2 ESTRUCTURA EMPARRADO POSTES FORMIGÓN E FIOS ARAME UD. CEPAS UD. POSTE PEDRA (ENCABEZADO)
17	15043A107002810000IT	LAIÑO SUAREZ, BENITA (HDROS.)	****8226	1.200	122			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	122	M2 ARBOREDO (MIXTO)
18	15043A107002870000ID	RODRIGUEZ LOPEZ, GERMAN RODRIGUEZ LORENZO, CARMEN	**4779** 3539****	759	65			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	65	M2 ARBOREDO (MIXTO)





A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Asunto: Expropiación para a execución do proxecto de obras: Mellora do Trazado de viario á Escabia. Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados.

Expediente: 2021/X998/000023

O Pleno Corporativo, órgano competente segundo a lexislación aplicable, adopta o seguinte acordo baseado nos antecedentes administrativos e fundamentación xurídica que se indica:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O Concello de Lousame está interesado en executar o proxecto técnico de obras denominado "**Mellora de trazado de viario á Escabia**", cun orzamento de execución por contrata de 153.925,52 €, cuxo financiamento está solicitado á Excma. Deputación Provincial, dentro do POS+ 2021, pendente de resolución e concesión.

Segundo: No orzamento 2021 está consignado o crédito para facer fronte a este investimento na aplicación orzamentaria 1532.61900; aínda que condicionado á efectiva obtención dos recursos que han de financiarlo, isto é, á concesión da subvención pola Excma. Deputación da Coruña, dentro do POS+ 2021. Do mesmo xeito, a obra está contemplada no Anexo de Investimentos do Orzamento Municipal.

Terceiro: Para poder executar as obras definidas no anterior proxecto técnico é preciso expropiar unha serie de terreos.

O día 09.03.2021 incorpórase ao expediente administrativo o documento denominado "**Anexo de Expropiacións**", que ten carácter complementario do proxecto técnico "**Mellora de trazado de viario á Escabia**", e co obxecto de definir a relación de bens e dereitos afectados pola execución deste investimento e que deben ser obxecto de expropiación.

Cuarto: No "**Anexo de Expropiacións**", aos efectos de obter unha previsión do orzamento da expropiación, e sen prexuízo de que se aproben os valores definitivos no momento procedimental oportuno, faise unha estimación do valor das expropiacións, incluído o premio de afección, que ascende a 13.814,17 €.

No orzamento 2021 está consignado o crédito para facer fronte ao valor das expropiacións, na aplicación orzamentaria 453.60000 por importe de 19.239,00 €.

Quinto: O día 16.03.2021 emítese documento contable RC por importe de 13.814,17 €, con cargo á aplicación orzamentaria 453.60000.

Sexto: O día 16.03.2021 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 37/2021.

Sétimo: O 22.03.2021 a Comisión informativa de Competencia Plenaria, ditamina favorablemente a proposta de acordo que a Alcaldía somete a consideración do Pleno Corporativo.

Oitavo: O 26.03.2021 o Pleno Corporativo, na sesión ordinaria desa data, adopta o seguinte acordo:

*<<Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, o proxecto técnico de obras denominado "**Mellora de trazado de viario á Escabia**", cun orzamento de execución por contrata de 153.925,52 €, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, en xaneiro do 2021.*





Segundo: Aprobar, con carácter inicial, o documento denominado “Anexo de Expropiacións”, que ten carácter complementario do proxecto técnico “Mellora de trazado de viario á Escabia”, e co obxecto de definir a relación de bens e dereitos afectados pola execución deste investimento e que deben ser obxecto de expropiación.

Terceiro: No cumprimento do esixido no artigo 17 e 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrir un trámite de audiencia e prazo de información pública durante 15 días hábiles, para que calquera interesado poida comparecer no expediente, aportar cantos datos e documentos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos e mesmo opoñerse á expropiación dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo.

Aos únicos efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

A estes efectos, practicaranse as notificacións individualizadas aos interesados e darase publicidade do acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello en nun dos diarios de maior circulación da Provincia. Simultaneamente publicarase edicto, no Boletín Oficial do Estado, a fin de que sirva de notificación, consonte ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para todos aqueles titulares que non puideran ser citado persoalmente.

Cuarto: Concluído o trámite de audiencia e período de información pública, o Pleno Corporativo pronunciarase, de ser o caso, sobre as alegacións presentadas; e procederá á aprobación definitiva do proxecto técnico denominado “Mellora de trazado de viario á Escabia”, así como do documento denominado “Anexo de Expropiacións”, o que levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos, aos efectos da súa expropiación forzosa.>>

Noveno: No cumprimento do acordo plenario do 26.03.2021, efectuáronse os seguintes trámites administrativos relativos ao período de información pública e co resultado que a seguir se indica:

82

Identificación	Data de publicación/recepción	Finalización do período de información pública
Publicación do anuncio do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións) no Taboleiro de Anuncios do Concello	05/04/2021	26/04/2021
Publicación do anuncio do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións) no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello	06/04/2021	27/04/2021
Publicación do anuncio do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións) no Boletín Oficial da Provincia	09/04/2021	30/04/2021
Publicación do anuncio do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións) no Boletín Oficial do Estado	16/04/2021	07/05/2021
Publicación do anuncio do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións) no xornal La Voz de Galicia	17/04/2021	07/05/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021		





(aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 1. RS 324 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 3. RS 325 do 05/04/2021	08/04/2021	29/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 4. RS 326 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 5, 6 e 8. RS 327 do 05/04/2021	08/04/2021	29/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 7. RS 328 do 05/04/2021	08/04/2021	29/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 9. RS 329 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 10 e 12. RS 330 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 11 e 13. RS 331 do 05/04/2021	16/04/2021	07/05/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 14. RS 332 do 05/04/2021	16/04/2021 19/04/2021	07/05/2021 10/05/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 15 e 18. RS 333 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 16. RS 334 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 17. RS 335 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021
Notificación do acordo plenario do 26.03.2021 (aprobación inicial do proxecto técnico e Anexo de Expropiacións), en relación á parcela 18. RS 336 do 05/04/2021	07/04/2021	28/04/2021





Décimo: O 24.03.2021 (Rexistro de Entrada 20210000000460) recíbese a través de Subtel requirimento da Deputación da Coruña, Administración que financia o investimento, indicando que tras a supervisión técnica do proxecto, é preciso realizar unhas mínimas modificacións técnicas, que son as que de seguido se indican, e que non afectan en absoluto ao “Anexo de Expropiacións”:

- *Achegar cálculo xustificativo do muro de contención de pedras de granito.*
- *Completar o plano 3.1 Planta de tal xeito que represente e defina as partidas a executar. Entre outros: zona de cuneta de seguridade, arquetas e colector diámetro 400 mm”*

Undécimo: O 07.05.2021, o redactor do proxecto técnico, presenta un novo proxecto coas modificacións solicitadas pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, tras a supervisión técnica do proxecto.

Duodécimo: O día 24.05.2021 a Secretaria-Interventora emite certificado sobre o resultado do trámite de información pública e audiencia aos interesados.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: Visto o proxecto técnico denominado “**Mellora de trazado de viario á Escabia**”, cun orzamento de execución por contrata de 153.925,52 €, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, en xaneiro do 2021; na súa versión de data de 07/05/2021, unha vez supervisado tecnicamente pola Deputación da Coruña.

Segundo: Visto o documento denominado “**Anexo de Expropiacións**”, que ten carácter complementario do proxecto técnico “**Mellora de trazado de viario á Escabia**”, e co obxecto de definir a relación de bens e dereitos afectados pola execución deste investimento e que deben ser obxecto de expropiación.

Terceiro: Na aplicación do que sinala a normativa de aplicación:

- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de réxime local:*

Artigo 90: “*Todo proxecto de obra deberá constar de planos, presupuesto de realización y memoria en que se incluya relación detallada y valoración aproximada de terrenos y construcciones que hayan de ocuparse y, en su caso, expropiarse, así como condiciones económicas y facultativas, las cuales podrán ser ampliadas con anterioridad al anuncio de la subasta o concurso*”

Artigo 93: “*La aprobación de los proyectos de obras locales se ajustará al procedimiento legalmente establecido*”

Artigo 94: “*Las obras comprendidas en los planes de obras y servicios locales, incluidos los planes provinciales de cooperación, llevarán aneja la declaración de utilidad pública y la necesidad de ocupación de los terrenos y edificios en ellos comprendidos a efectos de su expropiación forzosa*”

- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:*

Artigo 93: “*1. Instruidos los procedimientos, e inmediatamente antes de redactar la propuesta de resolución, se pondrán de manifiesto a los interesados o, en su caso, a sus representantes*”

- *Ley do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa:*





Artigo 10: *“La utilidad pública se entiende implícita, en relación con la expropiación de inmuebles, en todos los planes de obras y servicios del Estado, Provincia y Municipio”*

Artigo 15: *“Declarada la utilidad pública o el interés social, la Administración resolverá sobre la necesidad concreta de ocupar los bienes o adquirir los derechos que sean estrictamente indispensables para el fin de la expropiación”*

Artigo 17.2: *“Cuando el proyecto de obras y servicios comprenda la descripción material detallada a que se refiere el párrafo anterior, la necesidad de ocupación se entenderá implícita en la aprobación del proyecto, pero el beneficiario estará igualmente obligado a formular la mencionada relación a los solos efectos de la determinación de los interesados”*

– Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa:

Artigo 10: *“La declaración de utilidad pública e interés social a que se refiere el artículo noveno de la Ley llevará consigo la autorización para expropiar los bienes o derechos necesarios para la realización de las obras o el establecimiento de los servicios”*

Artigo 11: *“Si los bienes objeto de la expropiación fueren inmuebles, la declaración de utilidad pública deberá hacerse mediante Ley aprobada en Cortes. 2. No será necesaria la promulgación de una Ley formal, en los siguientes casos: a) Cuando se trate de obras y servicios comprendidos en los planes del Estado, Provincia o Municipio aprobados con los requisitos legales, en los que se entenderá implícita aquella declaración”*

Cuarto: Visto que a sentenza do Tribunal Supremo do 6 de marzo de 1997 (A. 2291/1997) esixe a información pública sobre o proxecto de obras municipais, xunto coa audiencia dos interesados no procedemento da súa aprobación, cando comprende unha descrición detallada dos bens a afectar:

«... Cuando el proyecto de obras comprenda la descripción material detallada de los bienes y derechos de necesaria ocupación, se entenderá implícita en la aprobación del proyecto con arreglo al artículo 17.2 de la Ley de Expropiación Forzosa. Cuando se da este supuesto, es forzoso concluir que la información pública prevista en los artículos 18 y siguientes de la Ley de Expropiación Forzosa ha de preceder a la aprobación del proyecto, así como la audiencia de los interesados que prevé el artículo 91 de la Ley de Procedimiento Administrativo».

Quinto: Visto que tivo lugar o trámite de información pública e a audiencia dos interesados, sen que conste presentada ningún tipo de alegación contra o acordo plenario do día 26/03/2021.

Este Pleno Corporativo, de conformidade co disposto nos artigos mencionados, e unha vez concluído o trámite de audiencia e información pública, sen que se teña presentado ningún tipo de alegación, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar, con carácter definitivo, o proxecto técnico de obras denominado **“Mellora de trazado de viario á Escabia”**, cun orzamento de execución por contrata de 153.925,52 €, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, en xaneiro do 2021; na súa versión de data de 07/05/2021, unha vez supervisado tecnicamente pola Deputación da Coruña.

Segundo: Aprobar, con carácter definitivo, o documento denominado **“Anexo de Expropiacións”**, que ten carácter complementario do proxecto técnico **“Mellora de trazado de viario á Escabia”**, e co obxecto de definir a relación de bens e dereitos afectados pola execución deste investimento e que deben ser obxecto de expropiación.

Terceiro: Declarar que a aprobación definitiva do proxecto técnico denominado **“Mellora de trazado de viario á Escabia”**, así como do documento denominado **“Anexo de Expropiacións”**, leva implícita a





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos, aos efectos da súa expropiación forzosa.

Cuarto: Considerar que co actuado queda demostrada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados e por tanto, de conformidade co artigo 20 da Lei de Expropiación Forzosa, acordar a necesidade de ocupación dos mesmos. Como Anexo a este acordo recóllese a relación de bens e dereitos afectados, así como a relación nominal dos interesados.

Quinto: En aplicación do artigo 21 da Lei de Expropiación Forzosa, este acordo de necesidade de ocupación, inicia o expediente expropiatorio. Será publicado en igual forma que a prevista no artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, ademais de ser notificado individualmente a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio.

A estes efectos, practicaranse as notificacións individualizadas aos interesados e darase publicidade do acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello en nun dos diarios de maior circulación da Provincia. Simultaneamente publicarase edicto, no Boletín Oficial do Estado, a fin de que sirva de notificación, consonte ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para todos aqueles titulares que non puideran ser citados persoalmente.

Sexto: Convidar aos interesados para que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo.

Sétimo: Facultar á Alcaldía para a execución do presente acordo>>





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO: RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS												
MELLORA DE TRAZADO DO VIARIO Á ESCABIA												
RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS												
FINCA	REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR	D.N.I.	SUPERFICIE TOTAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m ²)			CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	CULTIVO	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	OUTROS BENS AFECTADOS	
					PLENO DOMINIO	SERVIDUME	OCUPACIÓN TEMPORAL					
1	15043A107002340000IH	LAIÑO REGUEIRA, ANTONIO (HDROS.)	3306****	13.548	195			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	195	M2 ARBOREDO(Robledal)
3	15043A107002270000IE	VAZQUEZ GONZALEZ, CARMEN MARIA (HDROS.)	****8230	686	42			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	42	M2 ARBOREDO (MIXTO)
4	15043A107002280000IS	CANLE GONZALEZ, CARMEN (HDROS.)	**4782**	776	82			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	82	M2 ARBOREDO (MIXTO)
5	15043A107002330000IU	VAZQUEZ GONZALEZ, AURELIA	3325****	2.544	75			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	75	M2 ARBOREDO (MIXTO)
6	15043A107002680000IA	VAZQUEZ GONZALEZ, AURELIA	3325****	765	110			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL		
7	15043A107002690000IB	CASTELO GOMEZ, RAMON (HDROS.)	****2338	314	139			SOLO RÚSTICO	VIÑEDO (SEN CULTIVAR)	RURAL	139	M2 ESTRUCTURA DE EMPARRADO C/ POSTES FORMIGÓN (SEN VIÑEDO)
8	15043A107002700000IW	VAZQUEZ GONZALEZ, AURELIA	3325****	375	194			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1 0,5	UD. ÁRBORE MADEIRABLE M2 VALADO DE PEDRA
9	15043A107002710000IA	MIGUENS CANLE, ROSA (HDROS.)	**4012**	221	115			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
10	15043A107002720000IB	RODRIGUEZ REGUEIRA, SONIA	7933****	361	221			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
11	15043A107002730000IY	CANLE GONZALEZ, MARIA DE LA MERCED	**3992**	492	322			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1 1	UD. LOUREIRO UD. ÁRBORE MADEIRABLE
12	15043A107002770000IL	RODRIGUEZ REGUEIRA, SONIA	7933****	1.736	1110			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	5	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
13	15043A107002820000IF	CANLE GONZALEZ, MARIA DE LA MERCED	**3992**	87	29			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
14	15043A107002830000IM	VIDAL LAIÑO, MARIA	****8515	91	30			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	1	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
15	15043A107002840000IO	RODRIGUEZ LORENZO, CARMEN	3539****	250	103			SOLO RÚSTICO	MONTE BAIXO	RURAL	12	UD. ÁRBORE MADEIRABLE
16	15043A108000660000IM	LOPEZ EIRAS ROSA (HDROS.)	**4782**	613	80			SOLO RÚSTICO	VIÑA EMPARRADO	RURAL	80 14 2	M2 ESTRUCTURA EMPARRADO POSTES FORMIGÓN E FIOS ARAME UD. CEPAS UD. POSTE PEDRA (ENCABEZADO)
17	15043A107002810000IT	LAIÑO SUAREZ, BENITA (HDROS.)	****8226	1.200	122			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	122	M2 ARBOREDO (MIXTO)
18	15043A107002870000ID	RODRIGUEZ LOPEZ, GERMAN RODRIGUEZ LORENZO, CARMEN	**4779** 3539****	759	65			SOLO RÚSTICO	MONTE ALTO	RURAL	65	M2 ARBOREDO (MIXTO)





9) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA NÚM. 125/2021 Á 276/2021

A Alcaldía-Presidencia da conta das Resolucións da Alcaldía da número 125/2021 á número 276/2021, que foron remitidas aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

10) DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO 2020

A Alcaldía-Presidencia da conta do expediente de aprobación da Liquidación do Orzamento do exercicio 2020, que foi remitido aos voceiros dos Grupos Políticos Municipais xunto coa convocatoria da sesión plenaria.

A Corporación dáse por enterada.

11) DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO DO 1T DO 2021

A Alcaldía-Presidencia da conta do período medio de pagamento do 1T 2021 que ascende a 32,37 días.

A Corporación dáse por enterada.

12) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO TRLRFL

A Alcaldía-Presidencia da conta do informe da intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que foi remitido xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

13) DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2020

A Alcaldía-Presidencia da conta dos informes da intervención relativos ao control interno exercido no exercicio 2020, que foron remitidos xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.





14) INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

A Alcaldía pregunta se alguén quere someter a consideración do Pleno algunha moción por razón de urxencia.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que ten unha moción sobre as peaxes que se queren poñer nas autovías galegas. Véndese como unha medida verde pero considera que ten afán meramente recadatorio.

A Alcaldesa considera que é un asunto interesante. Que xa foi tratado e aprobado no Parlamento Galego. Cando hai mocións que poden ter interese para todos os grupos quizais sería bo consensualas previamente e presentalas como unha moción conxunta ante o Pleno Corporativo.

O voceiro do Grupo Mixto parécelle ben a proposta, e finalmente non presenta a moción por razón de urxencia.

15) ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do GPM do PSdG-PSOE plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1. O Decreto 143 e o 214 fan referencia que fan referencia a “comidas de marzo” e “comidas de febreiro”. Son do Centro de Día. Cambiou o provedor?

Alcaldesa: Son as comidas do Centro de Día. Efectivamente cambiou o provedor.

89

2. No Decreto 251 fálase dunha sanción imposta pola Consellería de Sanidade por irregularidades na inspección de Lousame. Gustaríalle que se me explicase a que é debida esa sanción.

O primeiro Tenente de Alcalde, a petición da Alcaldía, explica que foi unha sanción imposta a raíz dunha inspección na traída municipal do Concello de Lousame. Na inspección documental detectáronse unha serie de erros que supuxo a imposición desa sanción.

Alcaldesa: Houbo un cambio na normativa, que implicaba que había que enviar a documentación dun xeito diferente. E por ese erro, por non enviar correctamente os datos a través do SINAC foi imposta a sanción.

Voceira do PSdG-PSOE: E ese erro vaino pagar a empresa?

Alcaldesa: Pois isto estámolo estudando. O Concello de Lousame ten que pagar, porque senón quedaría como debedor. E para poder recibir calquera subvención ten que estar ao corrente coas súas obrigas tributarias. Pero estudarase a ver de que xeito se pode compensar ese erro.

O voceiro do Grupo Mixto plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1. Gustaríalle saber a canto ascende o que se recadou dos atrasos do lixo.

Alcaldesa: Non lle podó dar agora, pero no próximo pleno traerílle o dato.





2. Fai uns días promocionábase o Concello de Lousame en Fitur, polo tema da Ría da Estrela. Traio unha foto que é bastante vergoñenta...

Alcaldesa: Esa foto está circulando polas redes pero non ten nada que ver co Camiño de Santiago.

O voceiro do Grupo Mixto di que estamos promocionando o turismo e o Camiño de Santiago... e esa foto deixa moito que desexar.

Alcaldesa: Faga un chamamento a toda a poboación.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que non está ben o que fai a xente, pero temos que ser conscientes de que esa zona non está apta para pasear, as pasarelas de madeira están rotas e en mal estado.

Alcaldesa: Está entendendo que o Sr. Moledo está facendo un chamamento á poboación para que non faga ese tipo de utilización do espazo. E logo está facendo unha reclamación ao Concello de que esa ruta non está como ten que estar. Ese camiño ten unha parte que estivo intrasitada hai anos, anos e anos... E que agora mesmo está todo limpo. Só hai pendente unha parcela, na que hai que trasladar uns animais; e tamén está pendente de facer unha pasarela nova, pero temos que contar con orzamento para iso. Desbrozouse todo a principios do mes pasado, pero sabemos como é a primavera en Galicia, moi exuberante... e hai que estar continuamente desbrozando.... Tamén hai que darlle en Toxosoutos, no Castro de Comparada... O Concello ten o máximo interese en ter, na medida das súas posibilidades, os espazos en boas condicións.

3. Non sabe o que opinan os demais grupos dos distintos Concellos, pero gustaríalle que a Alcaldesa o informase de maneira formal do que acontece nese camiño, porque de todo o que se van enterando e a través da prensa.

Alcaldesa: Calquera actuación que se fai é antes tratada nunha xunta de todos os Concellos que forman parte da asociación. Logo cada Alcalde o que ten que facer é transmitir esa información á súa Corporación. Ela tamén o ter que facer en Lousame e trasladarlle todos os datos que a día de hoxe non teñen. Igual non da tempo na reunión que imos ter para tratar as mocións... E debemos ter outra reunión para tratar do Camiño de Santiago, incluso pode traer un técnico para explicar o traballo que se está a facer.

4. Celebráronse xuntas desa Asociación? Cando se vai tratar o tema de incluír aos demais grupos políticos no seo desa Asociación?

Alcaldesa: Claro que si. Pois é un tema que hai que estudar. En principio están os Alcaldes que representan ao seu Concello. Pero prefire falar de todas estas cuestións nesa reunión que imos ter para tratar deste asunto. Tamén se está pensando en crear un comité científico que poida elaborar textos para publicar en revistas especializadas, que se outorguen solvencia científica a todo o proxecto.

5. Cónstanos que hai denuncias, e ademais xa chegou o tema ao Parlamento e a Augas de Galicia, sobre a situación na que se encontra o tramo do río entre a Ponte de Berrimes e a





zona da Filgueira, por onde pasa outra senda peonil. O río xa comeu todas as fincas aledañas.

Alcaldesa: Ela foi até a Figueira. Pero coñece xente que chegou até a mina e dixéronlle que se transita perfectamente. E dende a Ponte de Berrimes até a Filgueira vaise se ningún tipo de problema.

O voceiro do Grupo Mixto di que xa lle fará chegar a foto.

Alcaldesa: Invítao a acompañala e facer ese treito.

O voceiro do Grupo Mixto insiste en que lle fará chegar as fotos e as denuncias que se puxeron no distrito.

Alcaldesa: As denuncias van no sentido de que a evolución física do río implica que vai medrando e vai comendo parte das parcelas colindantes.

O voceiro do Grupo Mixto di que hai árbores caídas...

Alcaldesa: A reunión ten que ser entón a outro nivel. Os propietarios desas árbores deberían telas retirado. Hai árbores no medio do río. E os propietarios desas fincas seguramente vaian ao Distrito a pedir que lle comuniquen aos propietarios desas árbores que as retiren... Os propietarios que teñen agros preto do río deben facerse responsable das súas árbores. O río busca o seu camiño. Pero e que ademais calquera actuación no borde do río precisa autorización de Augas de Galicia. E ás veces quérese actuar e o organismo non o permite. Non é unha tarefa fácil. Pero tamén as Administracións competentes deberían facer a súa tarefa. E dende o Pleno poderíamos reclamar que actúen naquelas zonas máis urxentes do noso Concello.

6. Polo 8M a Alcaldía tiña pensado iluminar o Concello. Pero ao final non se puido facer. Tamén comentou que se ía levar a cabo por outras efemérides. Gustaríanos saber se o Concello vai facer algo o día do orgullo LGTBI para concienciar á sociedade de Lousame que da igual con quen queira estar cada un porque somos todos iguais. Hai casos no Concello de Lousame, onde alguén botou ao seu fillo fóra da casa por este motivo. E hai outros que non saen do armario polas razóns sociais que hai na súa familia. Vaise facer algún acto? Poderíase iluminar o Concello para pouco a pouco ir concienciando á xente.

Alcaldesa: A empresa que contratamos para a iluminación pasa un orzamento... E ao mellor o Concello de Lousame non pode asumir ese custo... Está aí presto o día do autismo... Hai moitos traballos que se poden facer para concienciar. O da iluminación é moi vistoso, sobre todo en lugares céntricos. Porque chama a atención e fai que a xente se pregunte porque está iluminado... Preguntoulle á empresa que nos leva o mantemento do alumeadado se hai algún modo de facer esa iluminación que nós poidamos afrontar. E está mirando. Comentoume que nalgúns Concellos existen uns proxectores aos que se lle pode cambiar a pantalla con diferentes cores e xa valería para moitas efemérides... Así poderíamos facer diferentes reivindicacións sen que ningunha se sentise discriminada.

Para sensibilizar sobre estes temas a educación é fundamental. O Concello fai diferentes actividades, colócase a bandeira, e trabállase nesta materia dende o Departamento de Servizos Sociais. En relación ás condutas ás que se referiu, da igual que acontezan en





Lousame ou noutro lado. Calquera acto discriminatorio ou violento ante calquera diferenza, nós condenámola profundamente.

7. Teñen xa o informe que lle ían pedir á Xerencia polo Covid-19?

Alcaldesa: O Concello de Lousame estivo con cero casos dende hai moitísimo tempo. A día de hoxe hai 9 casos. Hospitalizados, soamente unha persoa, en planta non en UCI. Estes datos facilítanllos cada día. Aínda que nos vacinemos, somos asintomáticos pero podemos ter o virus... e podemos transmitirlo. Os que se vacinen teñen que ser solidarios e responsables, xa que poden ser transmisores. Hai que costumes que teñen que quedar para sempre, e logo xa nos dirán que pasa coas mascarillas... Que quere que conste nese informe? Porque vostede tiña uns datos que non coincidían coa realidade. Ela pode pasarlle os informes que temos Covid-19, porque ademais están publicados, de calquera área sanitaria. Hai ese global e logo tamén nos pasan os dos Concellos da zona. Os datos son transparentes e fidedignos. Porque ela os cotexou co responsable do Centro de Saúde. E ás veces non coinciden porque algunha persoa que vive nun Concello pero está adscrita a outro Centro de Saúde, conta no Concello onde se empraza ese Centro de Saúde.... Pero os datos coinciden, salvo algunha excepción.

8. Tívoise algunha resposta por parte da Mancomunidade á moción conxunta que lle mandou o Concello de Lousame?

Alcaldesa: No.

9. Convocouse algunha reunión da Xunta da Mancomunidade? Desde cando non se convoca?

Alcaldesa: Non o recorda exactamente. Cre que o Sr. Moledo preguntou por este asunto no último Pleno.... Ela non se atreve a aseverar unha data porque realmente non o recorda. Sabe que quedaron sen Secretario, xa que se marchou... E tamén sabe que agora xa hai unha nova Secretaria, que chegou fai pouco e que estará preparando a documentación.... Supón....

O voceiro do Grupo Mixto di que xa coñece el a data da última convocatoria. Foi en decembro. Dende decembro non se convoca ningunha Xunta da Mancomunidade. Xa non se convocaba a Asemblea e agora xa dende decembro, tampouco se convoca a Xunta.

Alcaldesa: Ela non pode asegurar que a última Xunta fora en decembro, porque non o recorda exactamente. Pode ser certo o que di o voceiro do Grupo Mixto, pero non pode aseveralo, xa que non o recorda.

10. O BNG de Lousame xa se posicionou cos traballadores da Planta e cre que o PSdG-PSOE tamén o fixo. Gustaríalle saber cal é o modelo polo que opta a Alcaldesa do Concello de Lousame.

Alcaldesa: Vostede desconcértame. No último pleno vostede dixo aquí, e logo tamén o comentou despois, que vostede se decantaba por defender os intereses de Lousame. E iso permanece?

O voceiro do Grupo Mixto di que si, que permanece.

Alcaldesa: Este é o Pleno do Concello de Lousame. Eu non son a Presidenta da Mancomunidade. Ela non quere que se perdan postos de traballo... Pero haberá que ter un





Plan de Viabilidade que non ten que presentar FCC SA. Ela tivo coñecemento dun escrito onde os técnicos de FCC SA se dirixían aos traballadores....

O voceiro do Grupo Mixto di que el tamén coñece ese escrito, e nel fálase de que o Complexo Medioambiental se convirta nunha sucursal de Sogama.

Alcaldesa: Pero a vostede quen lle da esa información? Porque eu non a teño. E logo que FCC SA está elaborando unha proposta de prórroga... Pero quen é FCC SA para presentar unha proposta de prórroga da concesión? Terá que ser a Mancomunidade a que faga esa proposta.

O voceiro do Grupo Mixto di que a Mancomunidade está descabezada.

Alcaldesa: A Mancomunidade non está descabezada. Acabamos de gañar un montón de sentenzas, que lle permiten á Mancomunidade aforrarse case que tres millóns de euros. Esas cousas non saen, porque igual non interesa que saian a algunha xente... É verdade que se está nun momento difícil.

O voceiro do Grupo Mixto di que estamos ante unha ditadura na Mancomunidade: non se convoca á Asemblea, non se convoca á Xunta...

Alcaldesa: Pídlle que faga a protesta ante a Mancomunidade. Eu dígolle que non estamos nunha ditadura. Vostede me está facendo preguntas que lle compete contestar ao Presidente da Mancomunidade. Agora estamos no Pleno de Lousame. Os órganos están para respectarse, e ela aí vai ser súper respetuosa... Todas estas cuestións que está plantexando debe dirixilas á Mancomunidade. En relación a todas esas outras cousas que circulan, que chegan... amosar a máxima sensibilidade en relación aos postos de traballo. Agora a Mancomunidade, cando chegue o remate da concesión terá que ver se interesa facer a prórroga e en que condicións. É normal que os traballadores se poñan inquedados porque os prazos se van acortando. Pero isto non nos pode levar a confusión... Nin pensar que a competencia para decidir a prórroga e as condicións desa prórroga son de FCC SA. A Mancomunidade son os Concellos que a conforman... E se contratou unha empresa para xestionar a Planta. Empresa que teremos que controlar que o faga ben, que cumpra todo o que ten que cumprir...

O voceiro do Grupo Mixto sinala que a Alcaldesa de Lousame foi Presidenta da Mancomunidade e considera que cumpriu os Estatutos. Pois neste momento non se están cumprindo os Estatutos da Mancomunidade. Lévese dous anos sen convocar á Asemblea. E dende o mes de decembro non hai Xunta da Mancomunidade. Vostede asinaría un escrito onde se solicite a celebración da Asemblea e da Xunta?

Alcaldesa: Iso xa se fixo. Xa está enviado e solicitado. Non imos facer outro escrito igual. O que teremos é que pedir que nos contesten a ese escrito.

O voceiro do Grupo Mixto di que así poderíase forzar a celebración dunha Asemblea.

Alcaldesa: Vostedes fagan o que crean conveniente. Eu non son a Presidenta da Mancomunidade. Ao rematar falará co Presidente da Mancomunidade e trasladaralle que hai está inquedanza, que xa se fixo a reclamación por escrito e que aínda continúa a petición. Ela vai trasladar esta petición e xa lle dirá a resposta tan pronto a teña.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e cincuenta minutos (21:50 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

